

periscopio

BEN

CARE SANTOS

BEN



rodeira

© Care Santos, 2021
© Tradución: Chus Gómez

© Ed. Gal: Rodeira, 2021
Rafael Alberti, 11, baixo
15008 A Coruña
www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41
contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte
Deseño da colección: Look & Book
Fotografía de cuberta: Shutterstock e Freepick

1.^a edición, febreiro 2021

ISBN: 978-84-8349-663-3
Depósito legal: B. 8409-2020
Impreso en España
Printed in Spain
EGS – Rosario, 2 – Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Para Reina Duarte, porque
sen ela Ben non chegaría a maior.*

*Non basta con decir a verdade.
Hai que demostrar a mentira.*

Aristóteles

Vouche facer unha pregunta e quero que penses en serio na resposta.

Serías capaz de matar outra persoa?

Pénsao ben. Concédete uns segundos de silencio para meditalo.

Xa tes unha resposta? Seguro que é categórica (é unha pregunta que non admite ambigüidades). E seguro que é moi interesante.

Vexamos os resultados:

1) **NON.**

É moi probable que esta sexa a túa resposta. É a da maioría da xente razoable. Un «non» rotundo, drástico, mesmo molesto. Como podo atreverme a dubidar de ti? Como podo formular unha pregunta tan insensata?

Felicidades! Es un hipócrita. E quédache moito por aprender. De ti mesmo e dos demais. Nunca te preguntaches onde están os teus límites? Que pasaría se...? Xa vas sendo maior. Poida que xa sexa hora de que reflexiones sobre iso.

2) **SI.**

Contestaches «si»? En serio?

Talvez sexas un asasino en potencia. Deixa todo o que esteas a facer e vai ver un psicólogo.

3) **NON SEI.**

Felicidades. A dúbida adoita ser sinónimo de intelixencia.

Pensaches na palabra «circunstancias»? O teu cerebro proxectou para ti a palabra «depende»? Se é así, es alguén que sabe que o mundo é un lugar difícil que se rexe por normas difíciles. Alguén que comprende que nós case nunca eliximos os límites. E que ás veces pasan cousas terribles que nos converten en criaturas terribles. Monstros.

Máis aló dos límites de ti mesmo, hai un monstro durmido.

Que ten que ocorrer para que o monstro esperte?

I

PUNTO DE PARTIDA

Cinzas

Esta historia comeza nun funeral. Un moi deprimente. O morto non chegaba aos 24 anos e foi asasinado. Uns tipos que o odiaban decidiron matalo a golpes. Á súa despedida só viñeron oito persoas. En primeira fila sentan o seu padraсто, Anselmo, coa súa muller (Carme) e o fillo maior desta, Marcelo, que tamén era o mellor amigo do defunto. Anselmo parece máis afectado ca a súa muller, aínda que ela non semella precisamente feliz de estar aquí. Cando o morto aínda estaba vivo, temeuno máis do que o soubo querer. Outra cousa é Marcelo: el parece desfeito.

No segundo banco senta un curmán que en realidade non é curmán de ninguén e a quen deixaron saír do cárcere para estar aquí. Chá-

mase Éric e cumpre condena nun centro de menores por asasinato en primeiro grao. Del non hai dúbida de que lamenta profundamente o que ocorre. Ao seu lado está o policía que o acompaña, custódiao e non o perde de vista nin un segundo.

Ao fondo, sentan dous tipos que a algúns lles resultan familiares: son compañeiros das partidas de póker que adoitaban celebrarse, a altas horas, no bar Carme, pechado só para eles. Non se sabe moi ben que fan aquí. Se cadra son uns mandados dos Medina, que viñeron comprobar que todo estea no seu sitio. Ou talvez son deses aos quen lles gusta ir aos funerais. No mundo haiche xente moi rara.

Máis aló está Kevin, amigo, ou máis ben socio do defunto, a quen todos chaman Bóla de Graxa. Polas súas faccións totalmente inexpresivas, ocultas baixo unhas lentes de sol, ningún sería capaz de deducir os seus sentimentos, aínda que, coñecéndoo, non deben de ser moi sofisticados. Nada en Kevin é moi sofisticado.

E, por último, temos o cura, que pronuncia un sermón desganado no que fala das trompetas

de Xerusalén e dos anxos do paraíso. Tamén de quen na vida se desvía do recto camiño e toma un equivocado. Por suposto, refírese ao morto, a quen non coñecía. Por iso lle chama Rubén en lugar de Ben, que é como el quería que lle chamasen. E por iso se equivoca cando di que foi un covarde ao afastarse das cousas boas da vida. Se o coñecese, sabería que Ben podía ter moitos defectos, pero o da covardía non era un deles. Se Ben puidese escoitar este sermón lamentable, seguro que se levantaría do seu cadaleito para arrearlle un bo sopramocos ao señor cura.

Despois do funeral vén a incineración. Os dous compañeiros de partida marcharon sen se despedir de ninguén. Kevin achegouse a Marcelo e ambos intercambiaron unhas palabras, que a xulgar polas súas expresións non parecen moi amigables.

Logo Éric vai onda Marcelo. Gustaríalle dicirlle moitas cousas. Sente que, de todos os que están alí, é o único que o comprende. Pero Marcelo non ten ganas de falar.

—Ola, Marcelo.

—Ola.

—Que putada.

—Si.

Un silencio incómodo e compartido que rompe Éric:

—Por que non vés un día visitarme ao cárcere? O horario é de luns a venres, de nove a...

—Xa veremos —interrómpeo Marcelo, a quen non lle apetece conversar.

Kevin achégase para se despedir de Carme. Marcelo apártase. Non quere ter que dirixirille de novo a palabra.

Así termina o encontro. Todas as conversacións.

Tras a marcha de Kevin, seguen tres horas de espera sen palabras. Agora son só catro persoas. Marcelo mira cara ao chan todo o tempo. A Éric parécelle que fai esforzos por non chorar, pero quen sabe, nunca o coñeceu tan ben como para sabelo. A súa nai, Carme, de cando en vez agárralle a man, coma se quixese consolalo, pero el rexeita o seu contacto, levántase, nervioso, e dá uns pasiños polo cuarto. Logo, volve sentar. Volve mirar cara ao chan.

E así ata que sae un home con americana e

gravata que leva unha especie de vaso azul nas mans. Busca a quen entregarllo, pero ninguén se mostra moi interesado.

—Ti queríaslle moito —dille Carme a Éric—. O mellor será que o teñas ti. A el gustaríalle.

O que a el lle gustaría é que non o matasen, pensa Éric, pero non di nada. Tardou un pouco en comprender que o vaso contén as cinzas de Ben.

Marcelo mírao con ollos moi fixos, coma se non puidese crer que isto estea pasando.

Éric non se atreve a dicir que non quere o vaso, que é horrible, e que ademais no cárcere non sabe onde o vai poñer, e que aínda que o soubese non o quedería. A súa tía adiántase a todas estas obxeccións:

—Gardareiche a urna ata que saias —dille Carme—. Prométeme que virás por ela.

—Por que non quedas ti con ela, tía? —pregunta Éric.

Carme nega coa cabeza, con toda a súa enerxía. Achégase a el, baixa a voz e dille ao oído:

—Eu non a quero. Por moito que lle quixédeses, ese mozo era un monstro. Sempre o foi.

Éric quería contestarlle á súa tía, pero teme que se fala se lle rompa a voz. Ten ganas de chorar. Lembra as palabras de Ben: «A tristeza é de covardes, trágaa, non serve para nada».

E contesta:

—Vale, tía.

De camiño ao cárcere non pode deixar de pensar en algo absurdo e doloroso. Ben é agora un vaso azul. Nin sequera sabe se lle gustaba esa cor. Dáse conta, por primeira vez, do pouco que sabe del. Foi a persoa máis importante da súa vida e nin sequera sabe cal era a súa cor favorita.

O negro, talvez?

Ben adoitaba vestir de negro.

Tiña un Scirocco negro.

O negro é a cor de moitas cousas que lle gustaban. A noite, o carbón de azucre dos nenos malos, os osiños de regalicia, o as de trevos, o túnel do terror. Tamén é a cor dos pesadelos e —din— da morte.

Que queda daqueles a quen quixemos, cando morreron?

Éric chega a unha conclusión antes de que o coche se deteña fronte á porta principal do cárcere:

Nós. Quedamos nós.

A nosa memoria, os nosos recordos. O que
fagamos con eles.